

■ *Telexornal Serán*

Pola saúde dos pacientes, o Colexio de Psicoloxía galega abriu, en 2017, 31 accións contra o intrusismo profesional

Publicado o 09/01/2018 21:22



Os psicólogos galegos instan á poboación, pola súa propia seguridade, a confirmar a titulación e a especialidade dos facultativos antes de poñer as súas mans e converterse nos seus pacientes. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia tamén anuncia accións informativas para a cidadanía que, só en 2017, abriu máis dunha trintena de accións contra o intru-

A través da súa Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia iniciou un tot expedientes por posible intrusismo profesional en 2017. As actuacións abertas recollen diversas casuísticas, entre elas as de exercer funcións propias da psicoloxía sen contar coa titulación, sen a colexiación obr ou por publicidade enganosa.

"Os psicólogos profesionais, colexiados, titulados, con experiencia... Se detectamos moitos casos doutra xente que fai publicidade enganosa. Vémoslo moito sobre todo en quen publicita servizos para tratar problemas como a depresión, a ansiedade, a tensión... Son moitos os que ofrecen solución supostamente psicolóxica dende quiromasaxes a todo tipo de técnicas que non teñen nada que ver coa Psicoloxía. A Psicoloxía está sometida a un código deontolóxico, actúa doutro xeito, persoalmente en cada caso individualizado, atendendo ao cognitivo e a o emocional, á mente e as emocións, aos sentimentos...", di Julio Prol, psicólogo xeral sanitario.


Segundo o Colexio de Psicoloxía de Galicia, a crise económica fixo abarcar falsos profesionais que aproveitan a vulnerabilidade das persoas, o que supón un verdadeiro risco para a saúde. Pola relación directa do seu estado das persoas, denuncian especialmente casos en que se arrogan como especialistas en psicoloxía clínica, sen contar con esta especialización.

"E cando un falso psicólogo trata un paciente normalmente non lle dá resposta aos seus problemas, o que é máis, con iso pode causar que empeore o estado da saúde ou do benestar das persoas. Por iso, os psicólogos profesionais instamos a que se vexa e tomen as medidas oportunas", di Julio Prol, psicólogo xeral sanitario.

Cualifican o intrusismo, máis que de calote, de estafa, porque as consecuencias poden ser nefastas sobre os pacientes, e porque ameaza o intrusismo prexudica gravemente a imaxe social da Psicoloxía, que, como disciplina científica, emprega métodos contrastados e rigorosos, e que se suxeita a un código deontolóxico.

Dende a Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo, adiantan que neste 2018, con distintas campañas e actividades, promoverán e facilitarán un mellor coñecemento do que é a psicoloxía profesional entre a cidadanía.

Esta páxina utiliza cookies propias e de terceiros para mellorar os nosos servizos. Se continúas navegando sen aceptar a configuración consideramos que estás conforme co seu uso. **ACEPTAR COOKIES**




ANIMOPESCA loita pola igualdade en homes e mulleres no sector pesqueiro

09/01/2018 21:18:36




O negocio de extracción e venda de algas consólídase en Galicia

09/01/2018 21:19:55



Pola saúde dos pacientes, o Colexio de Psicoloxía galego abriu, en 2017, 31 accións contra o intrusismo profesional

09/01/2018 21:22:04



Un millón de euros da Bonoloto en Lugo

09/01/2018 21:24:08



O cupón da ONCE reparte 490.000 no ferrolán de Recimil no sorteo celebrado onxe

09/01/2018 21:24:46



As dúas Coreas abren un novo período de tensión pero Pyongyang deixa fóra conversas o seu programa armamentar

09/01/2018 21:26:32

Esta páxina utiliza cookies propias e de terceiros para mellorar os nosos servizos. Se continúas navegando sen aceptar a configuración consideramos que estás conforme co seu uso.

ACEPTAR COOKIES